

Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se fan públicas as listas definitivas de persoal admitido e excluído do procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas, convocado pola Orde do 4 de xuño de 2020 (Diario Oficial de Galicia núm. 122, do 22 de xuño).

Mediante a Orde do 4 de xuño de 2020 convocouse procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas dependentes desta consellería. (DOG n.º 122, do 22 de xuño).

Consonte coa base cuarta da Orde do 4 de xuño de 2020, por resolución do 28 de abril de 2021 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, fixéronse públicas as listas provisorias de persoal admitido e excluído do procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas.

Logo de rematado o prazo para formular reclamacións contra a citada resolución e revisadas as reclamacións que formularon as persoas interesadas, e aos efectos de darlle cumprimento ao disposto na dita base cuarta da Orde do 4 de xuño de 2020, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro: Publicar na páxina web desta consellería (www.edu.xunta.gal), de acordo co que establece a base 4.3 da Orde do 4 de xuño de 2020, esta resolución, xunto coas listas definitivas de persoas admitidas e excluídas (que figuran como Anexo I e II desta resolución respectivamente).

Segundo: Contra esta resolución que aproba a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, de conformidade coa base 4.4 da Orde do 4 de xuño de 2020, o persoal concursante poderá interpoñer, por algún dos medios que se establecen na base 3.8 da antedita orde, recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun (1) mes desde o día seguinte ao da súa publicación no citado portal, consonte ao establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

Anexo I: Listaxe definitiva de persoas admitidas no procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, APD e EOI

Anexo II: Listaxe definitiva de persoas excluídas no procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, APD e EOI

